

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DA BEIRARRÚA OESTE DA TRAVESÍA DO PORTO E ACCESO Ó PARQUE PÚBLICO E Ó TREITO RÚA DO BUXO-APARCADOIRO DO CENTRO DE SAÚDE. O MILLADOIRO**

Na Casa do Concello de Ames a 27 de novembro de 2017

**REÚNENSE**

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaría do Concello, D<sup>a</sup> Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2017.

Doutra parte, D. Oscar Martínez Pais, con DNI nº 44.816.101-A, na representación de MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L., con C.I.F. B-15025372 e domicilio na rúa da Lagoa nº 6, Lucí do Concello de Teo, C.P. 15.883 (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DA BEIRARRÚA OESTE DA TRAVESÍA DO PORTO E ACCESO Ó PARQUE PÚBLICO E Ó TREITO RÚA DO BUXO-APARCADOIRO DO CENTRO DE SAÚDE. O MILLADOIRO", e ó obxecto establecen as seguintes

**CLÁUSULAS**

1<sup>a</sup>.- O Concello de Ames adxudica a **MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L.** a realización das obras comprendidas no proxecto de "CONSTRUCCIÓN E URBANIZACIÓN DA BEIRARRÚA OESTE DA TRAVESÍA DO PORTO E ACCESO Ó PARQUE PÚBLICO E Ó TREITO RÚA DO BUXO-APARCADOIRO DO CENTRO DE SAÚDE. O MILLADOIRO" no prezo de douscentos tres mil trescentos euros (**203.300,00.- euros**) máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de corenta e dous mil seiscentos noventa e tres euros (**42.693,00.- euros**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2<sup>a</sup>.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3<sup>a</sup>.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4<sup>a</sup>.- A obra será executada no prazo máximo de 4 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5<sup>a</sup>.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **10.165 €**, mediante aval do Banco Sabadell, inscrito no rexistro especial de avais co nº **10001099035**, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6<sup>o</sup>.- A dirección de obra correrá a cargo do arquitecto Álvaro López González da empresa Oficina de Planeamiento SA, a coordinación de seguridade e saúde correrá a cargo da arquitecta técnica Mónica Balado Santiago, que tamén será a encargada de levar a dirección de execución da obra.

7<sup>a</sup>.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asinando, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-



Concello  
de AMES  
Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)  
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org  
www.concellodeames.org

Telf: 981 883 002  
Fax: 981 883 925



MARTÍNEZ MONTES  
E HIJOS S.L.  
TEL: 981 80 92 27 FAX: 981 80 94 81  
Rúa do Lagoa, 6. 15220 Teo (A Coruña)